



¡Feliz día! ¡Feliz vida!

Como todos os meses, adxuntamos o resume de actividades, proxectos e noticias do último mes.

PROXECTOS

CENTRO XUVENIL

Obradoiro de Dereitos Humanos, co tema "Dereitos e Obrigas da nenez e adolescencia" impartido pola educadora da procuradoría dos dereitos humanos.

Pois iso... As nenas e nenos deben de coñecer os seus dereitos nun mundo onde non sempre se cumpren. Non é unha frase manida (ou quizás si), pero é de aplicación "é PODER"



A avoa Alejandra González medrou facendo tecidos e bordados de huipil.

O avó Antonio Quic traballaba no monte, cultivando cebola para vender aos negocios e nos mercados.

Como todos os meses, as nenas e nenos do centro xuvenil de San Juan visitan os avós da comunidade para aprender da súa experiencia, e compartir unha tarde xunt@s.



Esta cara che soa familiar? Si, é a nosa Cecy; a famosa Cecy.

Seguro que moit@s de vós xa o sabedes, pero igual ímolo contar... Antes de estudar enfermería, Cecy estudou cociña, concretamente, repostaría, e tamén cociña saudable. Agora entendes o seu amor polos churros de Bonilla!!!!

Aquí témola no centro xuvenil dando un curso de cociña saudable ás nais da comunidade.





BOLSAS DE AMADRIÑA/APADRIÑAMENTO

Hai pouco dixémosvos que aínda que somos unha pequena ONG, estamos medrando a bo ritmo, e sempre primamos ofrecer máis oportunidades, por iso é importante facer crecer o noso programa de bolsas de educación.

Presentamos outro novo beneficiario da bolsa:
ANTHONY SEBASTIÁN MÉNDEZ

Ten 8 anos e é fillo de Berta Suluguí e Leonardo Méndez.

A Anthony é un apaixonado do fútbol e o seu equipo favorito é o Barcelona; e esta mesma paixón levouno a ter como favorita a materia de Educación Física.

Soña que crescendo pode ser un gran futbolista, xogando na selección local e tamén na selección de Guatemala.



CAMPAÑAS

Para levar a cabo estes proxectos temos que dedicar moito esforzo e tempo, ademais de fondos económicos.

E estas son algunhas das accións que facemos.



ACTIVIDADES SOLIDARIAS

Este mes foi o mes dos stands, festas e compartir con voluntari@s moi guays!!!

Estivemos no Festival de Nantón, na ACAMPA e no Rock School Festival!!!!


E o máis importante: estivemos tan ben que queremos repetir!!!

O especial fano a xente que nos acompaña!!!!





MES DE XUÑO



RIFA SOLIDARIA

Trátase de Ángela, a gañadora do sorteo solidario, a que vai de súper viaxe, pero tamén é unha persoa moi coñecida pola organización polo seu traballo colaborativo. Implicouse nas nosas campañas (como a de hixiene íntima) e compra artesanía, lotería... e rifas, claro.

Son moitas as persoas que mereceron este premio, e a sorte escolleu unha delas!





CAMISETA SOLIDARIA

Aquí temos a Javi coa nosa camiseta "Marga"



DATAS SINALADAS

Na nosa organización apostamos polo amor, sabemos que un mundo máis amoroso é máis tolerante, pacífico e respectuoso.

Queremos un mundo mellor, un mundo menos inxusto.



MES DE XUÑO



PARTICIPAMOS

Formamos (con orgullo) parte dun colectivo diverso cun mesmo obxectivo: un futuro común, buscando alternativas para mellorar a sociedade sumando o noso coñecemento e traballo.

Integrada por case 70 asociacións, de moitas áreas de traballo, chegamos moi alto, como sempre fai a forza do grupo, e seguiremos subindo para facernos ver dende arriba.

Somos moitos os que queremos vivir doutro xeito con nós mesmos, co mundo no seu conxunto.



SOCI@S

E seguimos sumando soci@s. Sentímonos moi agradecid@s.





CULTURA

O tema cultural deste mes é o TROCO!!!

Nas comunidades indíxenas aínda existe, e de feito no post-covid foi un recurso necesario.

O troco é un tipo de intercambio entre persoas, ofrécese diferentes cousas para o consumo, por exemplo: millo, cilantro, tomates, xudías, entre outros, a cambio doutros (e as posibilidades son infinitas), especialmente comúns entre cultivos.

